



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201100016853  
29/07/2011 13:18:16

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE XULLO DE 2011, POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS ESPECÍFICAS NA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO PARA DIPLOMADAS E DIPLOMADOS EN RELACIÓNS LABORAIS E ESTUDOS ANTERIORES DE GRADUADO SOCIAL PARA A OBTENCIÓN DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS NO CURSO 2011/2012**

No Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro establécese a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. A disposición adicional 4ª.3 dispón que "os títulos universitarios oficiais obtidos conforme a plans de estudos anteriores á entrada en vigor do presente Real Decreto manterán todos os seus efectos académicos e, no seu caso, profesionais" e "quen, estando en posesión dun título oficial de diplomada ou diplomado, arquitecta técnica ou arquitecto técnico ou enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, pretenda cursar ensinanzas dirixidas á obtención dun título oficial de grao, obterá o recoñecemento de créditos que proceda de acordo ao previsto no artigo 13 deste Real Decreto".

A Universidade de Vigo implantou na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos no curso 2009/10 (estrutura do plan de estudos ANEXO I).

Unha vez implantada o grao e de conformidade co previsto no RD 1393/2007, do 29 de outubro, solicitouse a modificación do seu plan de estudos, ao fin de engadir un curso de adaptación, que se denominará "curso complementario" e que irá destinado as e os diplomados universitarios en Relacións Laborais e demais titulacións e estudos de Graduado Social precededoras do vixente Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. En concreto, trátase dos estudos de Graduado Social do RD 921/1980, de 3 de maio e estudos anteriores con equiparación académica; o de Graduado Social Diplomado do RD 1524/1986, de 13 de xuño; e, por último, o de Diplomado en Relacións Laborais do RD 1429/1990, de 26 de outubro. A finalidade de elaborar e por en marcha este "curso complementario" é ofrecer a todas e todos eses titulados universitarios a posibilidade de completar a súa formación e obter o título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos pola Universidade de Vigo.

Con data 19 de xullo de 2011 a Axencia galega do sistema universitario de Galicia – ACSUG- informou en termos favorables a solicitude de modificación, quedando dende entonces aprobado definitivamente o curso complementario para obter o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos pola Universidade de Vigo.

O procedemento de recoñecemento de titulacións predecesoras do actual Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e os contidos deste curso complementario, responde, en primeiro lugar, á adecuación entre os coñecementos e competencias adquiridas na titulación de procedencia e as previstas no título de grao e, en segundo lugar, na regulación das prácticas e o traballo fin de grao na normativa vixente.

Xa que logo, as e os titulados en algún dos estudos ou titulacións predecesoras do actual Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, co obxectivo de ampliar os seus coñecementos e competencias ao perfil, deberán superar un total de 60 ECTS que quedan estruturados da forma que se expón de seguido:



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

- 39 ECTS obrigatorios correspondentes as seguintes materias:
  - Dirección estratéxica (6 ECTS)
  - Dirección e xestión de recursos humanos (II): dimensión empresarial (6 ECTS)
  - Contabilidade (6 ECTS)
  - Teoría das relacións laborais (6 ECTS)
  - Técnicas de investigación social (9 ECTS)
  - Principios de economía (6 ECTS)
- 15 ECTS optativos, a escoller entre as distintas materias optativas ofertadas no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Traballo fin de grao (6 ECTS), correspondente ao cuarto curso.

Por todo isto e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro,

#### **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

#### **PRIMEIRO**

Ofertar un máximo de **20 prazas** para a presente convocatoria no **curso 2011/12**.

#### **SEGUNDO**

Para participar nesta convocatoria haberá que estar en posesión dalgún dos títulos relacionados a continuación:

- Graduado Social do RD 921/1980, de 3 de maio (BOE do 17 de maio).
- Graduado Social Diplomado do RD 1524/1986, de 13 de xuño (BOE do 28 de xullo).
- Diplomado en Relacións Laborais do RD 1429/1990, do 26 de outubro (BOE do 20 de novembro) calquera que fora a Universidade española na que obtivese a titulación.
- Os que se atopen en posesión do título de Graduado Social obtido conforme a plans de estudos anteriores ao ano 1980, sempre que obtivesen a equiparación académica de conformidade co contido da disposición transitoria segunda RD 921/1980.

#### **TERCEIRO**

**Abrir un período de presentación de solicitudes para participar no PROCESO DE PREINSCRIPCIÓN entre o 21 e o 31 de agosto de 2011, ambos os dous incluídos.**

**No caso de quedar prazas vacantes abrirase un novo procedemento de preinscripción que abrangará dende o 13 ao 20 de setembro de 2011.**

#### **CUARTO**

As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo que figura como ANEXO II e estarán á disposición das persoas interesadas na seguinte dirección de Internet: <http://webs.uvigo.es/cienciasxuridicasedotraballo/>

Ditas solicitudes deberán ir acompañadas da documentación mencionada no apartado QUINTO desta convocatoria e entregaranse en horario de 9 a 14 horas, nas dependencias relacionadas a continuación, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro:



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

- ✓ Secretaría de alumnado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no Campus de Vigo
- ✓ Rexistro xeral do edificio de xerencia e servizos centrais no campus de Vigo
- ✓ Rexistro auxiliar do edificio anexo á Escola de Enxeñaría Industrial (rúa Torrecedeira en Vigo)
- ✓ Rexistros auxiliares dos campus de Pontevedra e Ourense.

### QUINTO

As solicitudes, dirixidas á decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo, estarán acompañadas da seguinte documentación:

1. Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte no seu caso.
2. Fotocopia compulsada do título que da dereito a acceder ao curso complementario ou certificado de pagamento das taxas do título.
3. Copia compulsada da certificación académica persoal na que figure a nota media do expediente. De non constar a nota media, a certificación deberá conter necesariamente as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e data das mesmas, así como o número de convocatorias utilizadas para superar cada materia.
4. Copia simple de cada un dos méritos alegados polas persoas solicitantes –incluído o do coñecemento da lingua galega- para poder acceder a este curso complementario. Son méritos válidos para acceder, todos e cada un dos sinadados no apartado SEXTO desta resolución. Só se valorarán os méritos debidamente acreditados, tamén de conformidade co previsto no apartado SEXTO. En calqueira momento do procedemento de selección a comisión competente poderá solicitar a persoa candidata a acreditación fehaciente de algún dos méritos.

Aquelas persoas que acadaron a Diplomatura en Relacións Laborais na Universidade de Vigo no ano 2001 ou seguintes, estarán exentas de presentar a documentación contemplada nos apartados 2 e 3 xa que son datos que obran en poder desta universidade.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade.

A ou o solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e prestación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo.

### SEXTO

Recibidas as solicitudes, a comisión de recoñecementos e validacións da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, revisará os expedientes e verificará que conteñen a documentación esixida, **publicando o día 7 de setembro a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso de preinscripción**, con indicación dos motivos de exclusión.

Unha vez publicada a relación provisional, abrírase un prazo de reclamacións de **tres días (ata o día 10 de setembro) para a emenda de erros e a resolución das causas de exclusión**.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

O día 13 de setembro publicárase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso de preinscrición.

### **SÉTIMO**

Unha vez rematado o proceso de preinscrición, as solicitudes de ingreso no curso complementario serán avaliadas pola comisión de recoñecementos e validacións que repartirá as 20 prazas de conformidade cos seguintes criterios:

- As primeiras 15 prazas adxudicaránse aos titulados en algún dos estudos antes referidos e sen necesidade de acreditar experiencia profesional de conformidade co seguinte baremo:
  - Expediente académico da titulación de acceso (70%).
  - Outra titulación universitaria (10%)
  - Coñecemento acreditado de idiomas (10%)
  - Cursos impartidos ou recibidos (10%)

En caso de igualdade de condicións, se priorizarán os egresados da Universidade de Vigo.

- As restantes 5 prazas adxudicaránse por antigüidade de colexiación no Colexio Oficial de Graduados Sociais.  
En caso de igualdade de condicións, se priorizarán os colexiados no Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.
- De non cubrirse na súa totalidade as prazas reservadas para algún dos cupos, o número de vacantes acrecerá directamente ao outro.

### **OITAVO**

Rematado o proceso de selección por parte da comisión de recoñecemento e validacións competente, o día 14 de setembro farase pública no taboleiro de anuncios do centro a lista provisional de persoas seleccionadas de acordo coa puntuación obtida.

Unha vez publicada a relación provisional, abrirase un prazo de reclamación de tres días, contados dende o seguinte á publicación da devandita lista (ata o día 17 de setembro), para que as e os interesados presenten as alegacións que consideren oportunas e que irán dirixidas á presidenta da comisión.

Resultas as alegacións, o día 19 de setembro procederase á publicación definitiva das persoas admitidas, indicándose expresamente as datas para efectuar a súa matrícula.

### **NOVENO**

O prezo dos estudos necesarios para a consecución da titulación de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos está suxeito ao disposto no Decreto da Xunta de Galicia no que se establecen os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais.

### **DÉCIMO**

Todas as resolucións que se diten en aplicación da presente convocatoria deléganse na decana do centro, facendo constar nas mesmas este carácter.

As devanditas resolucións deberán ser motivadas, e nelas indicaranse as causas de exclusión e as reclamacións ou recursos, que no seu caso lle sexan aplicables.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

As listaxes definitivas darán lugar á interposición dos recursos recollidos no artigo 107 da Lei 4/99, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as e os interesados poderán optar por interpoñer contra esta convocatoria recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado mentres non recaia resolución expresa ou pesunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 29 de xullo de 2011



Salustiano Mato de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA, PROFESORADO E TITULACIÓNS  
VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE  
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
SECRETARIA XERAL  
DECANA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO  
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO  
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN  
DIRECTORA DE ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA  
ADMINISTRADORA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO  
XEFA DA SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS  
XEFA DA SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO  
XEFA DA SECCIÓN DE BOLSAS  
XEFE DA SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA  
XEFA DE ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO  
RESPONSABLES DOS REXISTROS  
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE  
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## ANEXO I

1º CURSO					
1º CUATRIMESTRE		ECTS	2º CUATRIMESTRE		ECTS
Economía. Principios de Economía		6	Economía. Economía Española		6
Estadística		6	Empresa. Fundamentos Básicos de Contabilidad de la Empresa		6
Derecho. Introducción al Derecho		6	Empresa. Organización de la Empresa		9
Sociología. Introducción a la Sociología		6	Psicología. Psicología del Trabajo		9
Historia. Historia de las Relaciones Laborales en el Mundo Contemporáneo		6			
<b>TOTAL (FB)</b>		<b>30</b>	<b>TOTAL (FB)</b>		<b>30</b>

2º CURSO					
1º CUATRIMESTRE		ECTS	2º CUATRIMESTRE		ECTS
Sociología del Trabajo		6	Técnicas de Investigación Social		9
Dirección y Gestión de Recursos Humanos I: Dimensión Psicosocial		6	Derecho del Trabajo II		6
Derecho del Trabajo I		6	Derecho de la Seguridad Social I		6
Dirección Estratégica		6	Derecho Administrativo		9
Contabilidad		6			
<b>TOTAL (OB)</b>		<b>30</b>	<b>TOTAL (OB)</b>		<b>30</b>

3º CURSO					
1º CUATRIMESTRE		ECTS	2º CUATRIMESTRE		ECTS
Dirección y Gestión de Recursos Humanos II: Dimensión Empresarial		6	Economía Laboral		6
Derecho de la Seguridad Social II		6	Derecho Sindical II		6
Derecho Sindical I		6			
Gestión de los Métodos de Trabajo		6			
Teoría de las Relaciones Laborales		6			
<b>TOTAL (OB)</b>		<b>30</b>	<b>TOTAL (OB)</b>		<b>12</b>



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

<b>4º CURSO</b>			
<b>1º CUATRIMESTRE</b>	<b>ECTS</b>	<b>2º CUATRIMESTRE</b>	<b>ECTS</b>
Derecho Procesal Laboral	9	Prevención de Riesgos Laborales	6
Derecho Financiero y Tributario	9	Trabajo Fin de Grado	6
Empleo Público	6		
Derecho del Empleo	6		
<b>TOTAL (OB)</b>	<b>30</b>	<b>TOTAL (OB)</b>	<b>12</b>

<b>OPTATIVAS</b>	<b>ECTS</b>
Introducción al Análisis Contable	6
Diseño de Planes Estratégicos de Igualdad de Oportunidades	6
Auditoría Sociolaboral	9
Selección y Evaluación del Personal	9
Derecho Social Comunitario	6
Trabajo Autónomo	6
Igualdad y Mercado de Trabajo	6
Políticas Sociolaborales	6
Derecho de Sociedades y Cooperativas	6
Derecho Sociolaborales de los Extranjeros en España	6
Prácticas	6
<b>TOTAL (OP)</b>	<b>72</b>



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## ANEXO I



### SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE DIPLOMADOS EN RELACIÓNS LABORAIS E OUTROS ESTUDOS CURSO 2011/2012

#### DATOS DA OU DO SOLICITANTE

DNI			
<input type="text"/>			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAIS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DOMICILIO (rúa, número, piso)			
<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TLF.:	TLF. MÓBIL	Email	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

#### DATOS ACADÉMICOS

Año que rematou a Titulación de acceso	<input type="text"/>
Nota media do expediente académico (1)	<input type="text"/>

Data e sinatura

#### CONDICIÓNS BÁSICAS

- a) De acordo coa Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, comunícaselle que a información que facilitou formará parte do ficheiro automatizado de alumnos aprobado por *Resolución do 9 de febreiro de 2009 pola que se modifican e se crean ficheiros de carácter persoal* (publicado no DOG o 6 de marzo de 2009).
- b) O alumnado poderá, en calquera momento, exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación ou oposición perante a Secretaría Xeral da Universidade.
- c) A ou o alumno ou a ou o seu representante legal declaran ser totalmente certos os datos consignados neste impreso, advertindo de que calquera erro ou falsidade nos mesmos poderá causar a anulación do correspondente expediente de admisión.
- (1).- A nota media do expediente académico será a nota media simple segundo a Resolución do 15 de marzo de 2005. (D.O.G. nº 57, de 23 de marzo de 2005)

Á DECANA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO